

II XORNADAS
ANTROPOLOXÍA De
AGANTRO EN PARA
DESDE GALICIA



COA COLABORACIÓN DE



AGANTRO II XORNADAS DE
ANTROPOLOXÍA
2019

::DE::
::EN::
::PARA::
::DESDE::
GALICIA

UNHA OLLADA ÁS TRANSFORMACIÓNS
SOCIAIS CONTEMPORÁNEAS

22 DE FEBREIRO 2019
FACULTADE DE HUMANIDADES
CAMPUS ESTEIRO - FERROL



A Asociación Galega de Antropoloxía (Agantro) ven de cumprir 25 anos de existencia. Uns tempos nos que estamos inmersas nun proceso de renovación, tomando un novo impulso para loitar por unha antropoloxía que non desexamos que esmoreza.

Agantro ten como obxectivo principal **mellorar a profesionalización e desenvolver a antropoloxía**, abrindo as canles de comunicación coas administracións, incidindo na inclusión da nosa disciplina naquelas actividades culturais e ofertas de emprego correspondentes á nosa formación. Mais tamén **apoiar a posta en valor** das múltiples ramificacións da cultura galega e **xerar un foro de debate e comunicación** no que teñan cabida os diferentes xeitos de entender e practicar a antropoloxía alén da academia, tendendo pontes e **fortalecendo as relacións co tecido asociativo** que durante tantos anos mantivo viva a investigación e a divulgación. Como froito destas accións conseguimos que habilitasen ás persoas con titulación de antropoloxía para a docencia no ensino secundario, a inclusión da antropoloxía nas bolsas de museos e esperamos que tamén nas convocatorias para técnicos culturais e demais ofertas públicas. Agantro é parte da **Asociación de Antropoloxía do Estado Español** (ASAE) e participamos das reflexións sobre a antropoloxía alén das nosas fronteiras.

Tamén tratamos de **tecer redes** e potenciar espazos para a **conexión e a comunicación** entre as persoas asociadas, pular pola investigación antropolóxica, realizar actividades de **divulgación e difusión** e visibilizar a relevancia da antropoloxía cara á sociedade. Neste sentido estamos a organizar estas segundas Xornadas co obxecto de que se convertan nunha cita anual e sirvan de **plataforma de encontro para persoas dedicadas á antropoloxía**, coa esperanza de acrecen-

tar a nosa presenza e visibilidade na sociedade.

Deste xeito, as “II Xornadas de Antropoloxía de/ desde/en/para Galiza: unha ollada ás transformacións sociais contemporáneas” procuran, en primeiro lugar, **tecer redes** inter e intradisciplinarias e potenciar espazos para a conexión, o diálogo e a escoita de diferentes propostas e traballos, tanto xa desenvolvidos como en proceso, así como a **creación de sinerxías e estratexias para fortalecer a antropoloxía na Galiza**.

A segunda idea é **reflexionar arredor das transformacións sociais contemporáneas**, polo que serán benvidas presentacións sobre o papel dos cambios en Galiza a nivel social, cultural, político, simbólico, patrimonial ou fenomenolóxico; as transformacións rurais, urbanas, as económicas, laborais e os efectos das crises; as mudanzas propostas dende os feminismos e os estudos da diversidade; as incertezas medioambientais, ecolóxicas e os movementos fronteirizos e migratorios, o turismo, as transformacións nos movementos sociais ou calquera outra análise das transformacións dos fenómenos socio-culturais contemporáneos serán algunhas das liñas de discusión das Xornadas, estando tamén convidadas aquelas propostas que reflexionen sobre a propia transformación da disciplina antropolóxica no mundo actual.

Inscrición

É importante para a organización das Xornadas que tanto as persoas asistentes como as relatores e organizadoras se inscriban **antes do 10 de febreiro**, cubrindo e enviando o seguinte formulario online:

<https://goo.gl/forms/QJJg4t4gFGfb842g1>

Compre dicir que a presentación dunha comunicación non é requisito indispensable para participar nas Xornadas. Tamén que para asistir non é preciso ser socio de Agantro, mais si para recibir certificado de asistencia. O precio para facerse socio de Agantro por un ano é:

Cota reducida (estudantes + parados): 15€
Cota normal: 30€
Cota solidaria: + de 30€
Transferencias a: Agantro - cota socios
IBAN: ES34 2080 0570 6330 4001 2183

Unha vez feito o ingreso é preciso enviar unha copia do resgardo da transferencia a agantro@gmail.com

:: PROGRAMA ::

- 09:30-09:50** - **Recepción e inscrición asistentes**
- 10:00-10:30** - **Inauguración**
- 10:30-12:00** - **Presentacións + debate**
 - *Prostitución, etnografía e historias de vida* (José López Riopedre, UNED)
 - *Colaboradores necesarios. A violencia institucional machista en Galicia* (Iria Vázquez Silva, UVigo)
 - *Da ocultación á loita pola visibilidade: as estratexias de resistencia das mariscadoras da ría de Arousa* (Narciso Oubiña, UNED)
 - *Um futuro que passou? Costureiras galegas, entre campos, linhas, desemprego e o fim do traballo* (Paula Godinho, UNL, Portugal)
 - *Colombianas e brasileiras, enmeighadoras de homes. A intromisión colonial nos mercados matrimonial e sexual na Galicia rural* (Andrea Souto García, UDC)
- 12:00-12:30** - **Pausa - café**
- 12:30-14:00** - **Presentacións + debate**
 - *A Galicia conxelada para o consumo turístico. Dende o cine de NO-DO ata a actualidade* (Beatriz Busto Miramontes, USC, UAM)
 - *“Atrapadas” na precariedade: o caso das explotacións agropecuarias familiares en Galicia* (Bibiana Martínez Álvarez, UB)
 - *Lo culto y lo popular: un debate sobre los principios de la ruralidad gallega* (José Luis Anta Félez, UJa)
 - *Paisagem e Turismo: investigação exploratória sobre a Galiza, na rede social “Instagram”* (Fernando Rocha da Cruz, UFRGN, Brasil)
 - *La tecno-antropología aplicada al mundo de la empresa y la innovación* (Cristina Nieto, designthinking.gal)
- 14:00-15:30** - **Pausa comida**
- 15:30-17:30** - **Proxección do documental** *As Encrobas. A ceo aberto*
Debate co director, **Xosé Bocixa**
- 17:30-18:00** - **Clausura**
- 18:00-20:00** - **Asemblea Xeral Agantro** + viño